

Pilar Candocia, Olalla Alvite, Susana Mayo e Anxo Doval; José Miñones, Patricia Conde, Francisco Doval, Carmen Fraga, Isabel González, e Jose Pazos; Ramón García Argibay, María Dolores Fernández Álvarez, Manuel José Ferreiro Santiago, Alfonso Rey López, María González Gómez, Emilio Martínez Carballeira, concelleiros/as da corporación de Ames, e ao abeiro do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, presenta a seguinte **MOCIÓN**:

## **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

Durante os últimos meses e debido a aplicación do pago retroactivo da taxa do lixo, véñense producindo diversas concentracións diante do concello en sinal de repulsa a esta medida promovida polo Goberno Municipal.

As situacións producidas no entorno da casa do Concello, chegaron a ser nalgúns momentos tensas polo que foi requirida a intervención da Garda Civil e da Policía Local a instancias do máximo responsable político do concello de Ames e como consecuencia das instrucións previas dadas polo Alcalde.

Ante esta situación de certa confusión consideramos censurable a actuación do máximo responsable político que non soubo en ningún momento controlar a situación, e lonxe de procurar suavizar esta continxencia dialogando cos veciños, avivou o lume con actitudes pouco responsables e infantís impropias dunha persoa con criterio e actuando de forma visceral en vez de apelar á prudencia, á moderación e á templanza.

Actuacións como a limitación no aforo do salón de plenos a un máximo de 39 persoas, cando nun pleno “normal” esta capacidade se supera con creces, ou a decisión extemporánea de pechar as portas da casa consistorial, ou non dar a cara ante os veciños e veciñas... entre outras, provocaron incidentes que cando menos podemos cualificar como desagradables para todas as partes implicadas.

Entendemos que esta situación de conflictividade non foi responsabilidade das forzas de seguridade presentes, Garda Civil e a Policía Local, que cumpriron co seu labor seguindo as ordes da autoridade municipal, o alcalde.

Con carácter xeral, a normalidade foi a tónica habitual en todas as concentracións que se levaron a cabo por parte dos membros da plataforma do lixo e dos veciños e veciñas que secundaron estas mobilizacións. Unha proba importante de normalidade, civismo e madurez democrática, foi a celebración, a petición da oposición, do pleno extraordinario na Casa da Cultura de Bertamiráns a mediados do mes de decembro do pasado ano.

Nese pleno quedou patente o exemplo democrático que deron os veciños e veciñas de Ames que alí acudiron. Quedando ademais moi claro que cando se permite o acceso de xeito ordenado e se fan as cousas con responsabilidade, non existe ningún problema.

Como consecuencia de todas estas circunstancias, algúns veciños e veciñas, recibiron da Subdelegación do Goberno da Coruña unha multa por “incitar aos presentes a entrar na casa do concello.”

Estas multas, de 300€ para cada afectado, son unha consecuencia inxusta dado que convirte unha situación de tensión nun conflito de desordes públicas que non foi tal, e responsabiliza desa situación a 5 cidadáns facéndoos "pagar" socialmente por algo que, motivado pola pouca sensibilidade política do responsable de seguridade do Concello de Ames, podería verse estendido ao resto do colectivo que participou nas concentracións.

Por todo o exposto presentamos as seguintes resolucións.

1. A Corporación Local de Ames solicita á subdelegación do Goberno da Coruña, o arquivo de todas as causas abertas no transcurso das mobilizacións celebradas nos últimos meses convocadas pola plataforma do lixo.
2. A Corporación de Ames considera que as consecuencias derivadas desta situación non foron responsabilidade dos axentes da Garda civil e da Policía municipal, e quere recoñecer a ambas forzas de seguridade o cumprimento do seu deber que actuaron conforme ao mandato do responsable de seguridade municipal. Isto será comunicado debidamente a ambas forzas de seguridade.
3. Facultar ao Alcalde para levar a cabo todas as actuacións necesarias para proceder ao arquivo de todo o expediente.
4. Dar traslado de esta moción a todas as partes implicadas e representantes da plataforma do lixo.